

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de agosto de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para reorganización de dúas parcelas con referencias catastrais P1 27900A25200004, cunha superficie de 8.805,96 m², e P2 27900A25200049, cunha superficie de 579,76 m², en dúas parcelas resultantes coas seguintes superficies: R1 5.958,28 m² e R2 3.427,44 m², en Louzaneta (Exp. 2022/Y005/000009).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para a construción dun alpendre para garda de apeiros e útiles de labranza, en Laxe, na parcela con referencia catastral 27900A117000220000SO (Exp. 2023/Y001/000153).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión da licenza urbanística para consolidación estrutural no forxado número 3 do edificio da rúa Mártires de Carral, número 1-3º, con referencia catastral 8031110PH1683S0004OY (Exp. 2022/Y001/000086).

Acórdase a concesión da licenza urbanística solicitada pola Comunidade de Monte Veciñal en Man Común Lamablanca, Lagoa e Paramelo, para reorganización de dúas parcelas con referencias catastrais P1 27900A157000230000SQ, cunha superficie de 25.824 m², e P2 27900A157004120000SF, cunha superficie de 4.058 m², en dúas parcelas resultantes coas seguintes superficies: parcela R1 en solo rústico de 16.582 m² e parcela R2 en solo rústico de 13.300 m², en Portonova-Coeses (Exp. 2022/Y005/000006).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para melloras de accesibilidade en zonas comúns de edificio de vivendas composto de planta soto, baixa, entresollado, sete plantas altas e baixocuberta, na avenida da Coruña,

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac5494919884376329798.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

número 294, con referencia catastral 7047801PH1674N, a nome da Comunidade de Propietarios Avenida da Coruña, número 294 (Exp. 2023/Y001/000088).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a rotonda do Centro Comercial 'As Termas' e a rotonda da avenida Benigno Rivera [O Ceao-Lugo]. E-190.

Tamén se acorda a aprobación inicial do proxecto de urbanización 'desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta Garaballa de Arriba-Glorieta Benigno Rivera (Tramo 4)'. PU-239.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a apertura do procedemento de contratación da subministración de tarxetas cidadás, así como a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da adxudicación por procedemento negociado sen publicidade (Exp. 2023/C004/000026).

Tamén se acorda a ampliación do prazo de execución da contratación do subministro e implantación dunha plataforma de xestión integral de servizos públicos 'SMART' do Concello de Lugo dentro da estratexia DUSI Muramiñae da Muralla ao Miño, código de proxecto 16dusi001, incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% (Exp. 2021/C004/000031).

Do mesmo xeito, acórdase a apertura do procedemento de adxudicación da contratación - mediante cinco lotes - da subministración de loxística (medios técnicos e humanos) e prestación de servizos varios para a produción dos eventos escénicos nas festas patronais do San Froilán 2023, así como a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, do gasto e da adxudicación por procedemento aberto (Exp. 2023-C004-000029).

Acórdase a delegación de competencias na tenente de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da subministración, instalación e mantemento de dispositivos de electrónica de rede para o Concello de Lugo, dentro da estratexia DUSI Muramiñae da Muralla ao Miño, código de proxecto: 16dusi001, incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% (Exp. 2023/C004/000020).

Acórdase retirar o asunto da nova adxudicación da contratación do servizo de vixilancia nos centros de convivencia municipais e no Centro Interxeneracional Paco Martín dado que a empresa excluída presentou recurso contra o acordo da mesa de contratación (Exp. 2022/C003/000037).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria para o alugueiro de seis locais de titularidade pública no barrio da Tinería, para a dinamización comercial, económica e social da zona.

5. XUVENTUDE.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva no eido da xuventude. Exercizo 2023.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.